



TEBRA

Esta parroquia foi sempre coñecida co nome de Tebra sen ningunha mutación nel. O 13 de Xuño do ano 1228 o Rei Dn. Alfonso 9º de León fixo doazón ao Mosteiro de Oia de dúas partes de todo o realengo de Sta. María de Tebra, e de Samuells, en recompensa da Vila de Saa que lle tomara; confirmouno despois o seu fillo, o Santo Rei Dn. Fernando, atopándose na Cidade de Tui a 13 de Marzo de 1232: o Rei Dn. Fernando 4º o 20 de Xullo de 1305 acotou e demarcou a dito Mosteiro o lugar e granxa do Carballal, sito nesta parroquia, e máis bens que tiña no Val de Tebra. O Sor. Dn. Pedro Beltran, Bispo de Tui, no ano de 1491 a 1º de Xuño uniu á Mesa do Cabido Catedral da mesma Cidade a metade sen cura de Sta. María de Tebra. Venera por Patroa tutelar a Nsa. Sra. Sta. María, a quen celebran aquí a súa festa o 8 de Setembro. Habitana 230 veciños, que corresponden polo contencioso político e gobernativo á Xustiza que hai na propia parroquia como cabeza que é de xurisdición e partido. Valen os seus décimos e os do anexo Pinzás 19.220 reais, dos ques leva o Párroco da matriz a metade coa obriga de poñer e dotar ao cura do citado anexo, e a outra metade o referido Cabido de Tui en vista da unión apuntada arriba, co cargo de poñer aquí un capelán sen cura que aplique a metade das Misas populares de todo o ano. E con el parte o Abade por metade todas as dereituras parroquiais. Non ten dito Párroco casa reitoral nin igrexario; pero si percibe de renda anual 3 ferrados de trigo, 22½ de centeo, 22½ de miúdo, 1 de millo, 7 galiñas, unha marrá, 3 carneiros, 12 reais e 12 marabedís. A fábrica da igrexa cobra 17 ferrados de trigo, 3 quartos de ferrado de centeo, outro tanto de miúdo e 11 reais. Paga esta cada ano á Dignidade Episcopal de Tui 1 Xantar, 2 libras de cera, 200 marabedís vellós; e a cura





e sen cura contribúen por metade á mesma con 20 bucíos de pan terciado trigo centeeiro e miúdo, 10 bucíos cada un. A presentación deste Beneficio era antigamente dos seus veciños; despois, por composición que fixo con eles Da. Xoana de Sousa, viúva de Dn. Álvaro Xuárez de Deza, fundador da casa torre e Morgado de Tebra, deixáronlle a motivada presentación para sempre á dita Señora, e por ela presentan hoxe en día o citado Beneficio os posuídores da indicada casa. Atópase aquí o lugar de Samuelle que noutro tempo foi por sí coto redondo independente doutra xurisdición civil, e nel houbo un castelo



de defensa do que falaremos adiante; tamén está na presente parroquia o Palacio, casa e fortaleza, do seu nome, propia dos señores do Val de Tebra. Esta fortaleza por atoparse arruinada foi reedificada polo expresado Dn. Álvaro Xuárez de Deza con facultade que obtivo da Rainha Da. Xoana o 30 de Novembro de 1532 segundo cédula real que lle expediu e está compulsada en Pleito sobre a presentación deste Beneficio curado, a que daremos ao público no Apéndice do presente tomo o numº... A igrexa parroquial é moi bo templo, e está ben situada: nunha capela colateral dela atópase sobre a porta que sae ao adro este simple rótulo: Año de 1786. Na maior, ao lado do Evanxeo, está un sepulcro nun arco da parede co busto dun cabaleiro deitado sobre a cuberta, e aínda que non ten inscrición algunha, sábese xace alí o Dn. Álvaro Xuárez de Deza por telo el así disposto no seu testamento que outorgou o 13 de Marzo de 1566 e eu fin a súa copia no arquivo do Mosteiro de Oia. Ten ermida moi devota de Nsa. Sra. de Grixó. Dista da capital Cidade de Tui segua e media." (Ávila y La Cueva, 532-534).

Igrexa

A primeira referencia documental que temos desta igrexa é de Alfonso IX nos primeiros anos do século XIII, no ano 1228. É polo tanto posterior á construción do edificio que se data no século anterior polas súas características.

Puido pertencer á encomenda da Orde de Malta.

A súa planta é de cruz grega, é dicir, unha nave central e dúas capelas laterais. A planta foi modificada ao ser ampliada en altura e lonxitude quedando na actualidade coma unha cruz latina.

Da parte románica conserva a **ábsida** (402) e gran parte dos aleiros.

Ao modificarse a fachada principal fíxoselle a torre no esquinale norte e tamén a sancristía neste mesmo lado xunto a ábsida.

A **capela maior** (403) presenta polo exterior unha forma pentagonal, e no interior o primeiro tramo entre as columnas é recto, e logo semicircular formando a cabeceira da ábsida.

O arco triunfal preséntase dobre: un arco exterior como remate circular do testeiro da nave e apóiano na imposta, e outro interior en aresta apoiado nos ábacos como da columna adosada, que son como prolongación da mesma imposta.

Mentres estas columnas son adosadas, as interiores, nas que se apoia o arco faixón que é semellante ao interior do triunfal, son exentas, monolíticas no seu fuste e de menos circunferencia. Os capiteis, tanto nunhas como nas outras, vense unidos ao fuste, sen a separación que lles dá o collarino.

As columnas descansan en basas áticas apoiadas directamente no chan, sen plintos.

Unha imposta corrida une os ábacos das columnas e marca o inicio da bóveda. No tramo recto é de canón e, a partires do arco faixón, de forno.

Son moi orixinais os **capiteis**, tanto pola súa simboloxía coma polo realismo con que están realizados.

Os do arco triunfal:

- Lado norte: dous monstros coas bocas abertas e un personaxe encollido nunha esquina collendo algo contra o peito e cubríndose coa outra man (404).
- Lado sur: unha serea colléndose a cola entre dous cuadrúpedes ensinando os dentes (405).

Os do arco faixón:





- Lado norte: dúas serpes entrelazadas, unha con cabeza humana e outra de dragón (406).
- Lado sur: no centro unha aguia ten collida unha ovella coas garras e aos lados outras dúas aguias coas ás abertas (407).

No muro norte, entre ámbalas dúas columnas, está o **sepulcro** (408) de D. Álvaro Suárez de Deza e Soutomaior, señor da Torre de Tebra.

Representa na cuberta a un cabaleiro coa armadura completa e coas mans sobre o peito empuñando a espada. A cabeza repousa en dous coxíns e os pés están sobre un can, que é o símbolo da fidelidade.

No frontal ten o escudo da familia dos Suárez de Deza: un castelo e tres lises, polos Suárez de Deza, seis rodas de carro polos Camba, e os escasques dos Valladares. O escudo está sostido por dous tenantes e coróase co xelmo cos lambrequines.

O **escudo** (409) repítese na parede enriba do sepulcro.

A nave foi reformada en distintas ocasións, dándolle maior lonxitude e máis altura aos paramentos, aproveitando os apoios antigos para facer uns arcos rebaixados que sosteñen a falsa bóveda actual.

Nestas reformas desaparecen as primitivas ventás e as portas laterais. Estas obras foron realizadas polo canteiro Xoán Benito Martínez e o carpinteiro Xoán Antonio González que, no ano 1849, fixeron o teito do corpo principal e as capelas laterais.

Polo exterior conserva a ábsida románica cunhas características que a fan singular. Son cinco tramos unidos en arista, que como xa vimos no interior forman unha planta semicircular. Carece de columnas e contrafortes de apoio.

Só ten unha fiestra rectangular no muro sur que realizou Xosé Manuel Pallón no ano 1814, xunto con outras reformas da capela maior.

Conserva os **canzorros** (410, 411, 412), aínda que algúns estean danados polo paso do tempo e lles faltan algunhas partes das figuras, pero son recoñecibles: músico con instrumento, carneiro, can, serpe, touro...

O corpo da nave divídese en tres tramos polos contrafortes modificados para darlles maior altura para apoio dos arcos da bóveda.

Cando se reconstruíu a **fachada oeste** (413), colocouse a torre formando ángulo entre esta e o paramento norte.

A porta é de medio punto e moldurada. Está enmarcada por pilastras laterais que sosteñen un friso de frontón partido coa **fornela** (414) tamén de medio punto e con venera, na que se atopa a imaxe da Virxe co Neno e con cetro na outra man.

Mesmo enriba hai unha ventá circular de derrame externo que dá luz ao coro da igrexa.

Remátase a fachada con capias e unha cruz pétreo no piñón, ao igual que hai outra no muro de cerre da nave.

A torre é de planta cadrada. O primeiro corpo remata cunha cornixa na súa unión coas capias. O corpo de campás apilástrase nos esquinais con catro ocos de medio punto. Noutra cornixa apóiase a pequena cúpula central con cruz estilizada no remate. Ten catro pináculos de bola.

No ángulo que se forma entre esta fachada e a torre, á dereita da porta, está a **antiga pia bautismal da parroquia** (416). No é o lugar máis adecuado para que se conserve en bo estado esta peza tan importante da primitiva igrexa románica.

Os tellados son todos a dúas augas, excepto na ábsida que segue a forma pentagonal da mesma.

As capelas laterais teñen altares dedicados un a S. Xoán Bautista e outro ao Santísimo. Ningún retablo. Unha delas ten a data de 1784 inscrita nun contraforte.





Capela da Virxe de Grixó (417)

O Libro de contas desta capela comeza no ano 1780.

No ano 1839 hai documentos para determinar a forma de celebración da festa, dado que Sta. María de Tebra e a parroquia de Barrantes tiñan en litixio a quen lle correspondía, xa que se atopa no linde de ámbalas dúas. De feito o altar correspondería á parroquia de Tebra, pero as portas están en terreo da de Barrantes. Neses documentos chégase ao acordo de que cada ano sexa unha delas quen a celebre.

Non se ten constancia da construción desta capela.

Ten unha nave coa teitume á vista dende o interior. A ábsida está cuberta de placa de ladrillo.

As paredes son de pedra. Ten unha pequena espadana con campanil.

FESTAS E ROMAXES DE STA MARÍA DE TEBRA

- Nosa Señora de Grixó: 2º domingo de agosto.
- Sta. María: 8 de Setembro.



414



415



416



417



418



419



420